

O desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia. Aplicación do Índice Localcom

Berta García Orosa*

Xosé López García**

Resumo

O artigo presenta os resultados dunha investigación realizada durante os últimos anos sobre as políticas de desenvolvemento da Sociedade da Información implementadas en Galicia dende finais da pasada década. A pesquisa foi realizada dentro do grupo Localcom nun estudo comparativo do desenvolvemento da SI nas distintas comunidades autónomas financiado polo Ministerio de Educación e Ciencia (SEC 2003/07024) e realizado por investigadores de diversas universidades españolas.

O proxecto elaborou un novo modelo analítico que permite comparar a incidencia das novas tecnoloxías da información e a comunicación nas comunidades autónomas, que avalía as diferentes realidades autonómicas e que facilita aos responsables do sector público e empresarial a toma de decisións en políticas para o impulso da SI. Como indicamos, deseñouse e aplicouse un modelo propio de análise métrica de 24 indicadores, o Índice Localcom. Este índice incorpora 24 indicadores básicos agrupados en tres categorías principais con dependencia secuencial (oportunidades, infraestruturas e usos) e seis subcategorías (capacidade económica, nivel educativo, redes, conectividade, uso institucional e intensidade de emprego).

O índice foi aplicado ao caso de Galicia onde, ademais das intervencións de poderes supraestatais e estatais, a denominada SI conformouse a partir dun conxunto de actividades individuais que realizaron distintos actores sociais en relación basicamente coa aplicación de novas tecnoloxías na súa actividade económica e social. A chegada das TIC á comunidade autónoma realizouse de xeito parcial e en momentos diferentes polos actores sociais da comunidade. Soamente cando a marca «Sociedade da Información» adquire relevancia social e valor político, as administracións públicas galegas planifican e implementan unha serie de actividades baixo este lema. A maioría destas accións tiñan como obxectivos concretos o incremento da infraestrutura -fundamentalmente ordenadores- en diferentes sectores, ben a través da compra directa ou ben a través de subvencións e axudas económicas. Esqueceuse nos primeiros anos a planificación de políticas xerais e concretas en prol da SIC, vinculando a maioría das accións ao ámbito económico en detrimento do desenvolvemento social. Neste contexto galego, o artigo

* Facultade Ciencias da Comunicación - Universidade de Santiago de Compostela berta.garcia@usc.es

** Facultade Ciencias da Comunicación - Universidade de Santiago de Compostela xose.lopez@usc.es

proposto analizará os resultados cuantitativos e cualitativos obtidos trala aplicación do Índice Localcom a Galicia.

Palabras chave: Sociedade da Información, Localcom, Galicia.

Abstract

This paper presents the findings of a research about planning and implementation of the Information Society (IS) in Galicia. The scientific study was realised inside the group.

Localcom by researchers of diverse Spanish universities and was funded by the Ministry of Education and Science (SEC 2003/07024).

This project elaborated a new analytical framework that allowed to compare the incidence of the new technologies of the information and the communication in the Spanish autonomous communities. Also, this model evaluates the different autonomic realities and guides politics decisions. As we indicate, it designed and it applied a model typical of metric analysis of 24 indicators, called Index Localcom. This index incorporates 24 basic indicators grouped in three main categories with sequential dependency (opportunities, infrastructures and uses) and six subcategorías (economic capacity, educational level, networks, connectivity, institutional use and intensity of employment).

Galicia was a case study where this index was applied. In addition to the state and suprastate interventions, the Information Society was conformed by a group of individual activities that different social actors played in relation with the application of new technologies in his economic and social activity. The arrival of the ICT to the autonomous community was partial and developed in different moments by the social actors of the community. Only when the brand «Information Society» was powerful enough to purchase social and political relevance, the galician public administrations scheduled and implemented activities and actions. Most of these initiatives had concrete aims like the increase of the infrastructure -fundamentally computers- in different sectors, well through the direct purchase or through subsidies and economic helps. General planning and concrete policies were relegated by actions linked to the economic field so that the social development was damaged. In this Galician context, this paper analyses the quantitative and qualitative results obtained after the application of the Index Localcom to Galicia.

Keywords: Information Society, Localcom, Galicia.

1. Introducción

A Sociedade da Información representou durante as últimas décadas para os organismos supraestatais (Unión Europea) e estatais (gobierno de España) unha meta imprescindible para o avance das sociedades. No caso de Galicia, ademais das accións promovidas polos entes citados, a denominada Sociedade da Información foise conformando a partir dun conxunto de actividades individuais que realizaron distintos actores sociais en relación basicamente coa aplicación de novas tecnoloxías na súa actividade económica e social. A chegada das TIC á comunidade autónoma realizouse de forma parcial nun inicio. Soamente cando a marca “Sociedade da Información” adquire relevancia social e valor político as administracións públicas galegas planifican e implementan unha serie de actividades baixo esta lema. Como veremos ao longo do artigo, a maioría destas accións tiñan como obxectivos concretos o incremento de infraestrutura — fundamentalmente ordenadores — en diferentes sectores, ben a través da compra directa ou ben a través de subvencións e axudas económicas. Esqueceuse nos primeiros anos a planificación de políticas públicas xerais e concretas en prol da Sociedade da Información, vencellandoa maioría das accións ao ámbito económico en detrimento do desenvolvemento social.

2. Aplicación do índice Localcom a Galicia

A entrada de Galicia na Sociedade da Información está condicionada por unha situación de partida económico-social desfavorable en relación con outras comunidades autónomas de España. Aínda que durante os primeiros cinco anos da década dos 80 a economía de Galicia atravesaba por unha etapa de baixo crecemento similar ao do resto de España, as grandes diferenzas prodúcense a partir de 1985 cando o crecemento do PIB español segue o ciclo europeo tras a entrada de España na CE. Os investimentos realizados favorecen sobre todo ao eixo mediterráneo e Galicia vese prexudicada nestes anos pola distancia con Europa, os efectos das reconversións industriais, o escaso desenvolvemento industrial e as debilidades da economía tradicional.

Galicia parte nos anos 80 dunha situación negativa desde o punto de vista económico e, polo tanto, dun dos ítems fundamentais da Sociedade da Información, as novas tecnoloxías da información e a comunicación. Unha sociedade desvertebrada e cunha pirámide de poboación cada vez máis envellecida, un PIB inclinado cara ao sector gandeiro e agrícola (sector primario) e unhas institucións autonómicas buscando identidade. Estes elementos condicionarán a situación actual que, malia algúns avances importantes que veremos a continuación, manterá o seu diferencial negativo co resto de comunidades autónomas de España.

Unha vez analizados os indicadores e seguindo o índice Localcom de oportunidades e usos dixitais nas comunidades autónomas españolas, a situación de Galicia podería

cualificarse de relativamente alta en oportunidades e moi baixa en infraestruturas e en usos nas que ocupa o último lugar de todas as comunidades analizadas. Analicemos brevemente cada un dos apartados.

En relación coas infraestruturas, a pesar de que os recursos iniciais son superiores ás actuacións rexistradas, a valoración final é negativa para a comunidade autónoma se non se relativiza, como indicamos, coa situación de partida e as propias características socio-económicas de Galicia. Deste xeito, en todos os ítems ocupa o penúltimo lugar despois de Andalucía e Castela A Mancha, agás no caso do mercado informático neto no que Andalucía supera a Galicia e, en cambio, figura por baixo da cifra da comunidade autónoma galega Aragón. En todos eles Galicia sitúase nun estadio inferior á media de España.

Unha das causas que poderían xustificar esta diferenza é a dispersión da poboación. Galicia ten tantos núcleos de poboación como o resto de España, a topografía (dificultade para despregar redes de telecomunicación moi superior ao doutras zonas con menos dispersión), o maior envellecemento da poboación (o tramo de persoas de máis de 65 anos en Galicia representa aproximadamente un 5% máis que o mesmo tramo para ao conxunto de España), o maior carácter rural, vencellado en parte a algún dos aspectos anteriores e os niveis de renda por habitante. Dentro do eido das infraestruturas, existen equipos no fogar que son considerados “básicos” nos que non hai diferenza (por exemplo os teléfonos fixos, 90% dos fogares de Galicia e tamén de España) e equipos máis recentes como o DVD no que existe unha diferenza do 10% en relación co resto de España.

De forma análoga, ocorre cos indicadores básicos da economía como o PIB autonómico per cápita, os gastos internos en I+D ou a asequibilidade de servizos TIC. Por exemplo, no caso do PIB, a pesar de que a información é comparativamente negativa os matices son varios. Durante os últimos anos, o produto interior bruto per cápita de Galicia sitúase por baixo da media do conxunto de España. O incremento do PIB autonómico per cápita é cada vez maior, acadando o 34,9% desde 1995 até o ano 2000 e un 38,69% durante o último quinquenio. Polo tanto aínda que o aumento rexistrado é lixeiramente superior ao de España (no último quinquenio sitúase no 33,12%), o PIB autonómico per cápita en Galicia continúa sendo inferior ao do conxunto de España.

A tendencia á alza do crecemento do PIB durante os últimos anos debemos relativizala co escaso crecemento da poboación galega potenciado, entre outros factores, polo envellecemento da poboación e a escasa chegada de inmigración. Mentres que a poboación crece a un ritmo inferior ao conxunto de España, o PIB practicamente duplicouse desde 1995. Deste xeito, o comportamento da economía na comunidade autónoma permite unha lixeira e conxuntural aproximación á produción por habitante da economía española (79,6 por cento ao 80,4 por cento).

Cifras similares son as dos gastos internos en I+D (% PIB autonómico) que, a pesar de ser negativos para Galicia, rexistran unha evolución esperanzadora. De modo irregular, durante os últimos 14 anos, creceu nun 168%, mentres que en España sitúase no 32%.

No caso da asequibilidade de servizos é un dos poucos datos favorables para Galicia desde unha perspectiva comparativa co conxunto de España. Os datos mostran que nesta comunidade autónoma as TIC representan unha porcentaxe maior dentro da renda media dispoñible nos fogares que no conxunto de España. A porcentaxe, composto polo gasto medio galego en servizos TIC e a renda autonómica por fogar, podería indicar unha aposta nos fogares pola posesión de servizos vinculados ás TIC, o que non implicaría necesariamente un consumo de servizos ou contidos relacionados coa SI, senón simplemente o interese polo consumo en tecnoloxía.

A situación é, polo tanto, relativamente optimista no caso das infraestruturas. Tanto os poderes públicos como as empresas privadas en Galicia realizaron investimentos importantes en infraestrutura, en TIC pero non na formación e uso das mesmas. Deste xeito, a telefonía fixa en fogares escasamente superior á media en España (en Galicia o 85,72 e en España 84,56); telefonía móbil non (85,72 en Galicia fronte a 84,56 en España) igual que en fogares con DVD (en España o 62,93 e en Galicia o 51,26) e con Televisión (99,39 en España fronte a 99,1 en Galicia). Tamén neste indicador, a pesar dunha situación de partida negativa para a comunidade autónoma galega na actualidade a “investimento en tecnoloxías do fogar” é similar ou superior en Galicia que no conxunto de España.

Dentro das oportunidades, o segundo punto do índice Localcom, as actuacións en cambio son favorables para a comunidade autónoma galega. Deste xeito, un dos poucos datos nos que Galicia se aproxima ou supera á media española desde o inicio da década dos 90 é a educación, fundamentalmente nos primeiros niveis. Os datos solicitados apuntan a unha tendencia favorable na educación infantil, primaria e secundaria en relación coa media española. En Galicia a taxa de alfabetización de adultos é da 97,7 fronte ao 97,2 en España, o que indica un dato moi positivo se se ten en conta o envellecemento da pirámide de idade na comunidade autónoma escasamente corrixido por factores sobrevenidos que inciden de forma máis importante noutras comunidades autónomas como a inmigración. Do mesmo xeito, no extremo contrario a cifra tamén é positiva xa que a poboación analfabeta/sen estudos maiores de 16 anos é inferior á media española (un 2,3 en Galicia fronte ao 2,8 na media española). Na mesma perspectiva sitúase a taxa bruta de escolaridade por nivel de ensino, definida como a relación entre o total de alumnado de calquera idade matriculado no nivel considerado, e a poboación do grupo de “idade teórica” de cursar o nivel considerado. En Galicia esta taxa sempre foi superior á de España e creceu a un ritmo superior ao do conxunto de España no período 1994-2004, onde se rexistra un incremento do 15% para Galicia e do 8% para España.

O punto de partida neste caso é positivo para o desenvolvemento da Sociedade da Información que precisa de infraestrutura e de formación específica para un emprego eficaz en prol do mantemento e superación das cifras comentadas.

Polo tanto, dentro das oportunidades, os recursos son moi escasos (sempre inferiores á media española) mentres que as actuacións son favorables para a comunidade autónoma galega.

En relación co emprego, a última chave considerada no estudo do desenvolvemento da Sociedade da Información, a comunidade autónoma figura tamén por baixo da media española, con valores entre 2 e 8 puntos inferiores á media.

O uso de internet por parte das empresas é similar á media española e, mesmo, un pouco superior no caso da utilización da rede para a formación. A situación adquire un matiz positivo no caso do uso de internet especialmente no ámbito das actuacións.

Nos recursos institucionais da rede, os datos dos que dispoñemos indican unha posición máis positiva (malia que as webs dos concellos están por baixo da media española -76,2 en España e 71,8 en Galicia-) en relación co conxunto de España. Con todo, a pesar da presenza en rede da maioría das administracións públicas e unha parte importante das empresas da comunidade autónoma galega estas non explotan todos os recursos que a rede ofrece.

Case todas as administracións públicas galegas teñen hoxe páxina web e, polo menos, un correo electrónico. Seguindo a tónica xeral da maioría dos sectores deste artigo, esta infraestrutura non implica a entrada na Sociedade da Información nen sequera o uso da nova tecnoloxía; simplemente significa a existencia dunha dotación tecnolóxica determinada.

O emprego das TIC dentro da administración pública debe interpretarse non só dentro da potenciación da e-administración. As tecnoloxías da información e a comunicación deberían potenciar a chegada da denominada administración comunicativa que non só se presenta ante o cidadán como un lugar afastado e escuro onde se realizan trámites administrativos senón sobre todo como un ente de servizo que ten a obrigação de estar próximo e comunicar cos cidadáns. En Galicia, pese ao número de webs, non se pasou máis que, nalgúns casos, unha administración informativa ou con intención de ser transparente xa que na maioría dos casos o TIC non se usan habitualmente e, cando se fan, a información circula nun só sentido: da administración ao cidadán. Deste xeito, por exemplo, as páxinas web pódense converter en verdadeiros escaparates ou publicidade das administracións coa presenza dos gobernos (locais, provinciais ou autonómicos) e un panexírico da localidade. Pola contra, é moi raro que o cidadán poida ter interactividade e realizar, por exemplo, os trámites administrativos en liña.

Os avances poderían ser máis en varios apartados:

- a. O acceso a Internet de todas as persoas xa que, segundo o Observatorio TIC, un 16% dos cidadáns solicitan a outras persoas que utilicen Internet para establecer relacións coa administración.
- b. O uso da banca electrónica é outros dos factores que podería axilizar e axudar a introducir a relación en liña entre a administración pública e os cidadáns galegos. Só un 16% dos cidadáns admitiron utilizar algún servizo de banca electrónica ou e-banca.
- c. A validación e autenticación dos trámites é deficiente aínda escasa e os medios deficientes. O nivel de sinatura electrónica, por exemplo, é moi baixo e ao seu lado está a percepción de seguridade nas transaccións electrónicas coa

administración que ten o usuario. Só un 6% dos cidadáns ten firma electrónica, e case sempre motivada pola AEAT que así o require para a tributación a través da rede.

Aínda que atendendo ao nivel de sofisticación ou avance nos servizos ofertados, podemos falar, a modo xenérico, de catro niveles diferenciados que habitualmente se van adquirindo nas administracións públicas, en Galicia non se pasou dos primeiros:

- Nivel 1. Informar o cidadán ou á empresa, facilitando o acceso á información sobre os servizos públicos.
- Nivel 2. Permitir a interacción do usuario que accede ao servizo, posibilitando, cando menos, a descarga de formularios, que é o procedemento habitual de solicitar un determinado servizo.
- Nivel 3. Permitir que o usuario se identifique e complemente os formularios.
- Nivel 4. Facilitar a realización dunha xestión completa, incluíndo a resolución de incidencias e, no seu caso, a liquidación ou o pago dos servizos prestados.

Concretamente, a administración central ou autonómica en Galicia atópase no nivel 3 e nalgúns casos no 4. En referencia á administración local, o nivel de avance é sensiblemente inferior, en concreto un 25% da web permiten algún tipo de interacción facilitando a descarga de impresos e formularios o que corresponde ao segundo nivel do modelo descrito anteriormente. Soamente o 5% das municipais permiten a realización dalgún trámite.

Finalmente, en canto á intensidade de diferentes usos da rede polos cidadáns, os datos son semellantes á media española coa excepción dun incremento importante que consideramos relevante destacar no caso da poboación infantil. Entre os argumentos para non utilizar internet, destacan nesta orde de importancia os seguintes: sensibilización, formación, custo da tecnoloxía, capacidade para acceder (conectividade).

3. Cronoloxía das políticas públicas

O desenvolvemento das políticas públicas relacionadas coa evolución da Sociedade da Información en Galicia estivo marcado durante os últimos anos por tres grandes trazos: a) a importancia da Unión Europea nunha zona prioritaria como era Galicia; b) a ausencia de planificación, implementación e avaliación dunha política integrada neste ámbito e c) o avance por parte de diferentes actores sociais en distintos ámbitos que conforman o que hoxe podemos chamar Sociedade da Información en Galicia.

En relación co primeiro caso, debemos indicar que todas as políticas que imos describir a continuación están enmarcadas dentro do plan e-Europe 2002 e e-Europea 2005, da Comisión das Comunidades Europeas que marcan as directrices xerais e as prioridades co obxectivo de converter a Europa nunha economía baseada

o coñecemento e na xestión do mesmo a través das tecnoloxías da información e a comunicación de forma que se incrementa a competitividade e o dinamismo coa meta marcada no ano 2010. Non sen sentido ás TIC débese a cuarta parte do crecemento do PIB da UE e o 40% do crecemento da produtividade, segundo os datos recollidos no informe “2010 unha Sociedade da Información Europea para o crecemento e o emprego”, presentado como comunicación da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo e ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións o pasado mes de xuño do ano 2005 (www.observatoriogalicia.org).

Dentro desta dinámica supranacional, á Xunta de Galicia corresponderíalle un importante papel. Durante a realización o estudo presentado neste artigo non existiu un plan de políticas públicas específico para a Sociedade da Información. Con todo, existiron unha serie de actuacións en diferentes ámbitos que conformaron o que hoxe denominamos en Galicia Sociedade da Información e que consideramos relevantes para os próximos anos.

Os poderes públicos galegos entenderon nun inicio que o desenvolvemento da SI ía vinculado á investigación, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica e así se incluíu no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT) 1999-2001 e no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT) 2002-2005.

O primeiro proxecto estaba centrado fundamentalmente na innovación empresarial (documento “Galicia 2005” en www.xunta.es) e no investimento tecnolóxico como factor de maior rendibilidade empresarial.

O segundo plan ademais de continuar co ámbito empresarial como eixo dos seus obxectivos extendía estes a outros espazos sociais. Deste xeito, tiña como finalidade básica contribuír eficazmente ao desenvolvemento económico e social de Galicia mediante o incremento da capacidade científico-tecnolóxica, a participación das empresas no proceso de innovación e a extensión dos beneficios de investigación ao conxunto da sociedade.

A finalidade básica explícita desta política pública era impulsar o despegamento económico e social de Galicia mediante o incremento da capacidade científico-tecnolóxica, a participación das empresas no proceso de innovación e a extensión dos beneficios da investigación ao conxunto da sociedade. Buscábase favorecer o desenvolvemento dos sectores de maior interese, así como coordinar esforzos para potenciar aqueles considerados prioritarios ou emerxentes. Para isto, planificábase, dentro do Programa Sectorial de Tecnoloxías para a Innovación, a convocatoria de Tecnoloxías de Deseño e Produción Industrial, na que se consideran prioritarios os proxectos de investigación orientados á mellora de procesos produtivos ou de deseño, os de definición de novos compoñentes e materiais, os de aproveitamento de subprodutos, e os de definición de novos produtos ou das súas melloras significativas, presentados polas empresas do sector da madeira e moble, téxtil e confección, automoción, construción naval, bens de equipo e maquinaria.

O plan estruturouse en programas sectoriais: recursos naturais, tecnoloxías para a innovación e os que son especificamente do noso interese que son os servizos ao cidadán, divididos en ciencias sociais e SE propiamente dita. Os programas horizontais destinábanse a recursos humanos, axuda á innovación ás empresas, cooperación internacional e sensibilización social. A división feita no plan contempla a aplicación do TIC á educación, saúde pública, turismo, lecer e deportes, dereito, economía e empresa. Tamén inclúen relacións coa administración pública, a calidade de vida e aplicacións aos diversos sectores económicos.

A valoración da implementación das políticas sinaladas que se fixo nos informes elaborados pola propia administración autonómica foi cualificada de positiva. Segundo a Xunta de Galicia, a administración autonómica realizou nos últimos anos un gran esforzo no proceso de implantación do novas TIC en todos os campos, froito do cal Galicia conta coa infraestrutura pública máis importante en banda ancha: a Autoestrada Galega da Información, que soporta a Rede de Ciencia e Tecnoloxía para as comunicacións das universidades, centros de investigación e centros tecnolóxicos de Galicia. Ademais, dispón dun alto nivel de implantación tecnolóxica e de acceso a Internet en escolas, centros de saúde, hospitais e na totalidade dos organismos e delegacións da Xunta de Galicia, conectados coa rede oficial de voz e datos. Conta tamén co soporte dun sistema ciencia/tecnoloxía e cunha base de tecido empresarial galego relacionado co mundo do TIC e a produción de software, que están a ofrecer solucións tecnolóxicas moi avanzadas para as necesidades da sociedade.

Dentro das liñas concretas de actuación destacaremos as seguintes:

- Posta en marcha da estruturación e programación de actividades do Observatorio Tecnolóxico de Galicia, que é o centro de referencia sobre os indicadores básicos da sociedade da información en Galicia e a súa situación no contexto nacional e europeo.
- Continuación da política de axudas ás empresas galegas para fomentar a incorporación de equipos innovadores aos seus sistemas de xestión e procesos produtivos.
- Continuación da liña de axudas destinadas a impulsar o desenvolvemento do sector do TIC en Galicia, fundamental polo seu elevado potencial innovador e polo efecto multiplicador que produce nos demais sectores da economía ao proporcionar novos recursos competitivos.
- Posta en marcha da Estratexia de Galicia para a sociedade da información, na que se incluírán, cun criterio integrador, todas as iniciativas que teñan un efecto positivo para a sociedade, e un ambicioso programa de medidas que cubran a medio e longo prazo os puntos débiles do desenvolvemento tecnolóxico de Galicia e a implicación dos cidadáns na utilización das novas tecnoloxías, como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

A misión da Estratexia para a Sociedade da Información é, fundamentalmente, eliminar ou reducir a incidencia dos problemas detectados no proceso de incorpor-

ación de Galicia ás tecnoloxías que integran a sociedade da información, como un paso indispensable para o desenvolvemento económico e social. Entre os obxectivos concretos destacan:

- As empresas e os cidadáns deben ter acceso a unha infraestrutura de comunicacións de boa calidade e barata e a un amplo abanico de servizos.
- Todo cidadán debe posuír os coñecementos necesarios para traballar e vivir na nova sociedade da información.
- As distintas formas de acceso deben evitar a exclusión en relación coa información.
- Debe reforzarse a loita contra o analfabetismo tecnolóxico.
- Debe prestarse especial atención ás persoas discapacitadas.
- As tecnoloxías da información poden empregarse para renovar o desenvolvemento urbano e rexional e fomentar tecnoloxías seguras para o medio natural.
- O pleno desenvolvemento de Galicia depende de que esta sexa capaz de xerar as condicións adecuadas para que prosperen o comercio electrónico e Internet, de forma que poida competir en mellores condicións, conectando máis empresas e fogares á rede por medio de banda ancha.

A responsabilidade sobre o Plan era competencia da Xunta de Galicia e, dentro dela, da Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía (CICETGA) e da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, á que corresponde a elaboración do proxecto. A xestión do devandito Plan era responsabilidade da Secretaría Xeral de I+D, que actuaban en coordinación coas Consellerías da Xunta de Galicia, en relación cos programas sectoriais que lles afectan. Dentro dos programas sectoriais un deles era o titulado “Tecnoloxías da información e as comunicacións”, coa finalidade de potenciar o avance no sector das tecnoloxías da información e as comunicacións, pero tamén favorecer a incorporación de solucións innovadoras.

Como observamos, algúns dos programas ou accións específicas inicialmente buscaron potenciar aspectos relacionados coa SE pero en ningún caso asumíase esta como o reto global. Así, leváronse a cabo accións puntuais de incentivos para a compra de infraestrutura tecnolóxica ou mesmo de formación para determinados sectores da sociedade.

Pero, como indicábamos anteriormente tanto ao inicio como nos últimos anos a conformación da SI en Galicia foi realizada por diferentes actores e entidades sociais.

Como resumo, ofrecemos a continuación a cronoloxía das distintas entidades que, dalgún modo, participaron activa e explicitamente no desenvolvemento dalgún ámbito da SE en Galicia.

- 1988: Instituto Galego de Estatística. É un organismo autónomo de carácter administrativo con personalidade xurídica e patrimonios propios, adscrito á Consellería de Economía e Facenda creado por lei en 1988. Ten como obxectivo prioritario o potenciar canles de información estatística propia de Galicia.

- 1991-1993: CESGA. En 1991 asínase o convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria-Consello Superior de Investigacións Científicas para a creación do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA). En maio de 1993 comeza o seu funcionamento. O seu obxectivo fundamental era promover e apoiar o uso de novas tecnoloxías fundamentalmente no ámbito da empresa.
- 1995: Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual. Foi creado por decreto para ser o máximo órgano asesor do Goberno da Comunidade Autónoma Galega en materia de telecomunicacións e audiovisual. Fundamentalmente encárgase do estudo, a deliberación e as propostas en materias relativas ás telecomunicacións e ao audiovisual, así como emitir informe sobre os asuntos que o Consello da Xunta solicite ou os que se aborden por iniciativa propia.
- 1996: Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o desenvolvemento Tecnolóxico. Constituída como unha entidade sen fin de lucro pola Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. Nacía cos obxectivos fundamentais de promover a difusión e aplicación de políticas en materia de calidade, tecnoloxía e innovación, recibindo adicionalmente a xestión de infraestruturas tecnolóxicas.
- 1997: Centro de Observación de Galicia. É un servizo promovido pola Consellería de Innovación e Industria e ten como obxectivo principal observar o posicionamento de Galicia nas áreas do seu ámbito de actuación: as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), a calidade e a innovación, para mellorar a competitividade das empresas, organizacións, etc.
- 2000: Centro Multimedia de Galicia. Actúa como coordinador e dinamizador da Rede de Centros de Comunicación, formada pola Rede de Aulas Multimedia de Galicia e a Rede de Telecentros de Comunicación.
- 2003: Centro de Competencias de Comercio Electrónico. Nace para fomentar, apoiar e axudar ás pequenas e medianas empresas galegas no uso de novas tecnoloxías e na planificación e implementación de proxectos de comercio electrónico.
- 2003: Retgalia. Entre os obxectivos da rede destaca o ser un mecanismo de traballo coordinado entre todos os centros tecnolóxicos que operan en Galicia, de maneira que se aproveiten todas as súas potencialidades, contribuíndo a acadar a calidade total no sistema galego de innovación. Preténdese tamén favorecer o apoio ao desenvolvemento de accións precisas para a difusión de coñecemento, información, promoción da ciencia e a tecnoloxía, así como a prestación de servizos ás empresas.
- 2005: Dirección Xeral de Promoción Industrial e de SI e Desenvolvemento da SI.
- 2006: Mancomun. Portal do Software Libre en Galicia. Como obxectivos ten os seguintes: a) facilitar o desenvolvemento industrial do software libre; b) difundir a SE entre a sociedade galega; c) potenciar o uso de aplicacións informáticas en galego; d) impulsar a utilización de estándares abertos para evitar a dependencia tecnolóxica.

- 2007: Comisión Interdepartamental da SE e o coñecemento. Forma parte do PEGSI.
- 2007: Plan Estratéxico Galego da SE (PEGSI 2007-2010).

4. Conclusións

En definitiva, Galicia partía dunha situación de desvantaxe comparativa en relación con outras comunidades autónomas hai aproximadamente 25 anos o que xa condiciona unha posición desfavorable no momento actual, xa que a pesar de que nalgúns dos items os avances foron positivos durante os últimos anos, o Índice Localcom sitúa a Galicia en sexto lugar por baixo da media española e só mellor situada que Andalucía e Castela A Mancha. Con 0,303 puntos Galicia sitúase, xunto coa Comunidade Valenciana, Andalucía e Castela A Mancha, na categoría de desenvolvemento moderado. Durante estas dúas décadas e media os diferentes sectores de dinamización da vida económica, social, cultural e política involucráronse de modo diferente na denominada Sociedade da Información. Con todo, podemos extraer algunhas conclusións válidas para todos eles:

1. Ausencia de políticas globais de inmersión á sociedade galega na Sociedade da Información. Non existiron políticas públicas coherentes destinadas á planificación, implementación (e, por suposto, posterior avaliación) de accións concretas neste ámbito. Galicia carecía dun plan estratéxico que deseñaran as políticas públicas e privadas para os próximos anos.
2. Carecemos desde o punto de vista da administración pública, mesmo dun diagnóstico cuantitativo e cualitativo da situación real de Galicia neste sentido.
3. En cambio, nos dous ámbitos sinalados existen accións puntuais tanto de acción política como de avaliación da situación:
 - a. A primeira delas realízase fundamentalmente a través de investimentos importantes en infraestrutura (ben mediante a compra directa se se trata de entidades ou centros da administración pública -como os educativos- ou ben a través da subvención se se trata de entidades privadas ou particulares (axudas ás empresas para a compra de computadores, aos estudantes). Como consecuencia, temos actualmente a radiografía dun país con suficientes (mesmo ás veces demasiadas) infraestruturas tecnolóxicas infrautilizadas por falta de formación ou de persoal. Ante unhas políticas públicas baseada na infraestrutura cuantitativa os diferentes sectores da sociedade galega non se implicaron. Consideramos necesaria a revisión desta actitude ante a Sociedade da Información que é, ademais da distribución das novas tecnoloxías entre os diferentes sectores da sociedade, a penetración real destas na vida dos cidadáns, das empresas, das institucións públicas, etc. provocando algún tipo de cambio na actividade desenvolvida.

- b. No caso da valoración da Sociedade da Información en Galicia si é certo que existen algúns informes que puntualmente publican datos fundamentalmente cuantitativos sobre a situación das Tecnoloxías da Información en Galicia, pero carecen dunha metodoloxía común e na maioría dos casos son sectoriais e responden os intereses propios dos actores dese sector público ou privado.

Como resultado obtemos, como vimos na análise anterior, un panorama desigual nos sectores, tendo datos relevantes nalgúns e ocupando os últimos lugares na maioría deles.

É necesario para o desenvolvemento da Sociedade da Información non só un contorno infraestructural, senón, sobre todo, social e político.

En canto ás conclusións sectoriais podemos sinalar as seguintes:

1. A intervención pública no ámbito da Sociedade da Información foi nos últimos anos puntual e sectorial, dirixida fundamentalmente á adquisición de infraestrutura tecnolóxica máis que ao uso e emprego cualificado do novo instrumento. Como resumo da situación actual podemos sinalar a escasa utilización da rede como motor de cambio, a dependencia tecnolóxica do exterior, o medo ao investimento con risco, a escasa especialización e o futuro incerto.
2. Ademais do investimento noutros sectores a administración pública debe encargarse de consolidar a e-administración. Aínda que en Galicia a maioría das administracións públicas contan con páxina web e correo electrónico, estas adoitan ser estáticas e desaproveitan as posibilidades que ofrece a nova tecnoloxía.
3. No ámbito da educación rexistramos un índice de alfabetización moi alto pero con escasa presenza do uso efectivo do TIC. Como consecuencia das políticas públicas aplicadas Galicia conta neste momento cunha importante infraestrutura tecnolóxica.
4. En canto ao apartado relacionado coa competitividade e a innovación detectamos unha brecha dentro da propia comunidade empresarial de Galicia. Por unha banda, a comunidade autónoma conta cunha pequena porcentaxe de empresarios que coñecen a importancia das TIC, invisten nelas e utilízanas; e outro sector fundamentalmente de pemes que están a permanecer fóra desta dinámica.
5. Fogar e inclusión de cidadáns. Se unha das características fundamentais da Sociedade da Información é a utilización das TIC por parte dos cidadáns Galicia non acadan o aprobado. É este quizais un dos puntos onde a comunidade autónoma galega presenta maiores deficiencias.

Estamos, polo tanto, nun período de transición no que a penetración na Sociedade da Información podería funcionar como un instrumento -nunca como un fin- para relanzar a sociedade e a economía galega.

Para iso serían necesarios o investimento en formación e o seguimento do uso cualitativo das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Bibliografía

- Consello Económico e Social (2001) *Memoria sobre a situación económica e social, Galicia 2002*, Santiago de Compostela: Consello Económico e Social de Galicia.
- Fernández Leiceaga, X. López Igrexas, E. (2000) *Estrutura económica de Galiza*, Noia: Edicións Laiovento.
- Fundación Caixa Galicia (2002) *A Economía Galega. Informe 2000-2001*, Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia.
- Gómez e Díaz Castroverde, J.M. (coord) (2001) *Galicia 2010*, Santiago de Compostela: Asociación Proxecto de Investigación Galicia 2010.
- López García, X. (coord) (2002) *Informe. A comunicación en Galicia 2002*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- López García, X. (coord) (2004) *Informe. A comunicación en Galicia 2004*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.